

INTRODUCCIÓN

Calquera investigación macrosociolingüística que pretenda ser rigorosa e completa debe dedicar unha parte importante do seu contido á análise dos comportamentos lingüísticos da poboación obxecto de estudio, porque o coñecemento das conductas lingüísticas dos falantes constitúe un dos instrumentos máis fiables para avalia-la situación social das linguas faladas nun territorio. De aí que este compendio do segundo volume do MSG, fiel ó seu obxectivo de afondar na realidade sociolingüística galega, considere a descrición dos comportamentos lingüísticos como un dos mellores recursos para dar razón do estado actual da lingua galega e das perspectivas que se derivan do mesmo.

As conductas son, dunha parte, reveladoras da competencia lingüística dos individuos, pero, tamén abeiran indicios das actitudes cara ás linguas na medida en que nunha comunidade multilingüe presupoñen unha elección dos falantes. Por outra banda, o comportamento lingüístico dunha poboación constitúe un referente esencial para coñece-las funcións que desempeñan as linguas neste tipo de comunidades e, por extensión,

o estatus que corresponde a cada un dos idiomas. Por último, é ben sabido que a conducta lingüística, como outros procederes vitais, é un identificador que con frecuencia nos serve para adscribírmolos falantes a determinado grupo lingüístico, cultural, e mesmo ideolóxico, atribuíndolle ó individuo características que cremos percibir no grupo. Un uso lingüístico constitúe un evidente sinal de identidade.

Este estudio ocúpase das conductas lingüísticas naqueles ámbitos considerados máis representativos, ben por seren os máis habituais, ben por definiren con maior nitidez a situación que tentamos estudar. Entendemos que os núcleos que mellor podían caracteriza-la conducta lingüística son: a lingua habitual da poboación, os usos lingüísticos na familia, na escola e noutras situacións comunicativas habitualmente relevantes para os membros desta Comunidade (tales como a consulta do médico, o traballo, as tendas, etc.). En calquera caso, nun estudio desta natureza non se podía prescindir dunha visión diacrónica do fenómeno, porque o estudio da evolución das conductas constitúe un importante instrumento para preve-lo futuro da lingua galega.

A preferencia por estes núcleos non é en absoluto caprichosa. A lingua habitual supón un elemento básico tanto das conductas lingüísticas coma do grao de implantación dunha lingua na comunidade. O ámbito familiar, á parte de representa-lo contorno máis importante de adquisición e transmisión das linguas, é no que se producen as manifestacións lingüísticas máis espontáneas sendo, polo tanto, un poderoso medio de socialización (proceso que, prioritariamente, se leva a cabo mediante a lingua). No caso do galego non se pode esquecer-lo papel que desempeñou a familia na preservación da lingua: a convivencia de varias xeracións nun mesmo núcleo familiar asegurou a continuidade dun idioma que, durante séculos, tivo un uso predominantemente oral. A escola constitúe outro dos referentes principais, tanto polo protagonismo que se lle adoita atribuír no coñecemento e difusión do idioma coma por ser usuaria e promotora dun modelo lingüístico formal e prestixiado. O ámbito laboral, pola súa banda, destaca non só por ser un importante medio de socialización, senón porque é o ámbito no que adquire un certo protagonismo a diversidade de interaccións, o que o converte en punto de contraste da conducta lingüística familiar. Así mesmo, non se pode esquecer-la importancia deste medio como nivelador de competencias e conductas, na medida en que pode inducir a un falante a acomodarse á

lingua dominante neste ámbito. Outros espacios foron considerados estes esenciais para o estudio do comportamento lingüístico, pola relevancia que neles adquiren o grao de formalidade ou informalidade das situacións que xeran.

Así mesmo, unha parte importante dos nosos esforzos está dedicada ó estudio da evolución interxeracional das conductas, patrón da vitalidade da lingua e da orientación que aquela podería tomar. Entendemos que o MSG non debe limitarse a ofrecer un panorama sincrónico daqueles trazos que mellor caracterizan a actual situación sociolingüística do galego, senón que debe indica-las tendencias que desembocaron na situación sociolingüística actual. O estudio do cambio fíxose a partir de dúas estimacións básicas: a comparanza dos usos en distintas situacións comunicativas e as referencias que sobre o cambio facilitaron os propios entrevistados.

Do mesmo xeito ca no compendio do primeiro volume do MSG, referido á lingua inicial e á competencia lingüística, optamos por unha presentación xeral de cada conducta (ou agrupamento de conductas) relativa á situación da mesma no conxunto de Galicia. Tentamos con isto ofrecer unha panorámica global do comportamento lingüístico en cada unha das súas modalidades. A esta séguela unha referencia máis pormenorizada, segundo unha selección dos 34 sectores en que dividímo-lo territorio galego e coa que pretendemos mostra-las peculiaridades conductuais propias de cada tipo de hábitat.

Cómpre, así mesmo, subliñar que, pese a que inicialmente operamos con catro modalidades conductuais, correspondentes a outras tantas posibilidades de uso, nalgunhas ocasións recorreremos a agrupa-los distintos usos na procura dunha maior claridade e relevancia en cada caso. Así, cando o criterio descritivo partía da distinción galego/castelán cumpría aglutina-los usos 'só' e 'máis' destas linguas. En cambio, noutros casos a interpretación requiría un tratamento dicotómico (bilingüismo/monolingüismo) polo que se operou cos valores 'só' e 'máis'. Por outra banda, como se recolle en diante, a cada unha das opcións de resposta de certas variables asignóuselle un valor numérico que permitiu traballar con puntuacións medias.

A coherencia metodolóxica e a finalidade desta publicación aconselláronnos manter tres niveis de presentación da información:

— gráfica, mediante *mapas* nos que se tenta ofrecer un panorama global de cada fenómeno para o conxunto de Galicia e *cadros e gráficos*, cos que se busca unha presentación máis minuciosa.

— glosas, sobre aquelas tendencias máis salientables.

— táboas de continxencia, nas que se recolle de xeito pormenorizado a intensidade de cada fenómeno e a súa dependencia das variables sociais e lingüísticas.

Finalmente, o estudio procura poñer ó alcance do lector, sen faltar ós principios científicos de rigor, obxectividade e coherencia, a complexidade e diversidade de situacións que abeiran as conductas lingüísticas en Galicia. Esta preocupación non pretende outro obxectivo último que axudar a entender mellor a realidade sociolingüística de Galicia.